

Bosque encantado e Castelo de Aldán (Cangas)



Noe (mestra E.I.)

Coñecido polos veciños como O bosque encantado de Aldán, está situado na parroquia que lle da nome. É un lugar estupendo para pasear pola natureza acompañados por un río e facer unha viaxe á historia na que había torres e castelos.

Xeolocalización: N 42° 15' 30.301"-O 8° 49' 31.482"

Aldea dos Grobits

(A Toxa, O Grove)



Uxía Canzobre García

A Aldea dos Grobits é un pequeno e orixinal parque infantil que recrea Hobbiton, o fogar dos Hobbits, coas súas casiñas en miniatura semienterradas cubertas pola natureza da propia zona.

Xeolocalización: N 42° 29' 16.706" O 8° 50' 58.066"

Cambados



Aitor Canosa

É un municipio situado na comarca do Salnés no centro das Rías Baixas. Habitado probablemente dende os s.VI e V a. C., segundo algúns vestixos de asentamentos celtas atopados no seu territorio. Ten unha longa e axitada historia. Fenicios, romanos, godos, sarracenos e normandos invadiron e asolaron as súas costas. Para defenderse, no s. XI, o arzobispo de Santiago de Compostela ordeou construír torres vixías levantando a Torre de San Sadurniño. Deste xeito logrou remontar.

Xeolocalización: O8°48'28.15" - N42°30'17.93"

Castelo de Soutomaior

Aitor Canosa



Este conxunto arquitectónico, metade fortaleza medieval, metade palacio neogótico do s.XIX, está formado por dúas torres unidas por un edificio habitable e un patio de armas, rodeados por unha dobre muralla. A súa orixe está vinculada a Paio Méndez Sorrede durante o reinado de Afonso VII no s.XII. Concebida como unha edificación fortificada militar e defensiva no s.XV. Pedro Soutomaior convertiuse nunha lenda pola súa loita cos irmandiños, o clero e familias nobres. No 1982 pasa á Deputación de Pontevedra quen o rehabilita .

Xeolocalización: 42°19'46" N- 8°34'05" O

Faro de punta Cabalo (Illa de Arousa)

Aitor Canosa



Construído no ano 1852 , agora, tras moitas reformas é un restaurante. Dende as súas instalacións podemos admirar unhas maravillosas vistas da zona norte da ría de Arousa. Ademais, nas súas proximidades, podemos admirar un reloxo solar tallado nun con, término co que se coñecen as pedras na Illa de Arousa.

Xeolocalización: 42° 34' 20.4" N - 8° 53' 02.1" W

Illas Cíes

Aitor Canosa



Trátase dun dos arquipélagos pertencentes ao Parque Natural marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, xunto coas Illas de Ons, Sálvora e Cortegada. Grazas á súa riqueza, tanto faunística como vexetal, e á espectacularidade das súas paisaxes, estas illas constitúen un importante patrimonio cultural e natural de grande valor.

Xeolocalización: 08°54'29.63"- N42°13'1.52

Portonovo



Aitor Canosa

Portonovo é un pobo costeiro pertencente ao municipio de Sanxenxo, na comarca do Salnés, na ría de Pontevedra. Asenta nun entorno natural en plenas Rías Baixas fronte ao Parque Nacional das Illas Atlánticas. Destaca pola beleza das súas praias: Baltar, Canelas e Caneliñas .

Xeolocalización: 42°23'33"N 8°49'25"O

Zoo de vigo (Vigo)



Aitor Canosa

O zoo de Vigo foi recentemente remodelado. Atópase ubicado no mellor mirador da cidade, o Monte de A Madroa a uns 10 km do centro da cidade e ten unha extensión de 55.676 m². A súa inauguración data no 1971. Podemos atopar: aves e mamíferos, exotarium, laboratorio de natureza, xoven nocturama, granxa-escola e invernadoiro, salas de exposicións non permanentes, entre outras cousas.

Xeolocalización: 42° 14' 54.9" N - 8° 40' 29.8" W

Santa Tegra, a Guarda

**Samuel
Bascoy
Rentería**

Os seus moradores
tiñan unha
economía autónoma
e tamén elaboraban
cerámicas, xoias,
tecidos e
instrumentos.

Todo isto se
lle pode pór
forma non
museo
arqueolóxico
situado no
pobo.



Santa Tegra, a Guarda

Iván
Candal
Vázquez



Este poboado, situado a 341 metros de altura, chegou a acoller a unhas 5.000 persoas durante a súa época de esplendor, alá polo s.I a. C., e era un dos máis grandes do noreste peninsular. Está formado por vivendas ovaladas na súa maior parte, pero tamén as hai rectangulares, por influencia dos romanos. Aínda que pareza un poboado caótico, hai unha orde lóxica ao redor das “unidades familiares”, así como os petróglifos que se atopan fóra e dentro do recinto.

Xeolocalización: 41°53'20"N-8°56'16"O

Muiños en cascada Picón e Folón (O Rosal)



Samuel Bascoy Rentería

En total 67 muiños, 36 de Folón e 31 de O Picón. Por iso, é considerado, este conxunto, un dos máis importantes de toda a Península Ibérica e de toda Europa. Datan dos s. XVIII e XIX e nas súas orixes pertencían ao clero. Máis adiante pasaron a mans de particulares e fóronse herdando entre familias. Case todos son de planta rectangular e con cubrición a unha soa auga. Os seus muros son de cachotería compostos por pedra granítica do país.

Xeolocalización: 41° 57' 23.1" N - 8° 50' 13.8" W

Ría de Arousa (O Grove)



**Samuel
Bascoy
Rentería**

A Ría de Arousa é a máis extensa das rías de Galiza. Durante séculos, a súa amplitude e riqueza propiciaron invasións, así que para contelas, no s. XI construíron as Torres de Oeste en Catoira, hoxe escenario dun divertido desembarco vikingo.

Xeolocalización: 42° 34' 14.4" N - 8° 53' 12.4" W



Parque Monte do Castro (Vigo)

**Samuel
Bascoy
Rentería**



O Castro é tamén un magnífico parque botánico, con gran variedade de especies tanto autóctonas como foráneas. Destacan os pinos, cedros e camelias.

Xeolocalización: 42° 13' 57.9" N - 8° 43' 37.9" W

O Monte do Castro (Vigo)



Samuel Bascoy Rentería

Anteriormente chamado Monte Terroso. Na ladeira máis baixa do monte está o xacemento castreño que data dos s.III e I a.C. É o punto de orixe da cidade, onde asentaron os primeiros poboadores. No ano 1934 foi cedido ao pobo de Vigo. Elévase tan só a uns 80 m sobre o nivel do mar. O Castro tamén contén diferentes símbolos dun pasado histórico, como é a fortaleza do s. XVII.

Xeolocalización: 42° 13' 56.5" N - 8° 43' 33.7" W

O Monte do Castro (Vigo)

**Samuel
Bascoy
Rentería**



Hoxe en día aínda se conservan 45 construcións pétreas. A fortaleza do Castro estaba formada por tres recintos amurallados. Actualmente consérvase o 1º e parte do 2º. O 1º é a fortaleza que coroa a cima do Castro, convertido en mirador. Nela atópase o monumento ao empuxe vigués e aos canteiros. O 2º é a fortaleza de San Sebastián, na actualidade ocupada pola Praza do Rei e a casa consistorial. Atopáronse pasadizos e túneles que comunicaban castelos entre sí, e á cidade.

Xeolocalización: 42º 13' 56.5" N - 8º 43' 33.7" W

Praia de Area da Secada (Illa de Arousa)



Anxo Fernández Varela

É unha praia dotada de bandeira azul, cuns 420 m de lonxitude, 20 de anchura en baixamar e 10 en preamar. O seu entorno é forestal e único. Ten unha duna móbil fixada pola vexetación propia do ecosistema xa que é unha zona protexida.

Xeolocalización: 42° 34' 04.6" N - 8° 53' 13.5" W

Marín



Nieves (mestra E.I.)

Trátase dun importante porto comercial, militar e pesqueiro do Atlántico. Pobos remotos deixaron pisadas: dólmens, petroglifos e castros. Concretamente na praia de Mogor atópase o laberinto que leva o seu nome, considerado como " máximo problema da prehistoria española".

Xeolocalización: 42°23'34"N-8°41'56"O

Mosteiro de Armenteira (Meis)



Nieves (mestra E.I.)

Fundouse no
s.XII e pasou a
pertencer á

Orde

Cistercense,
alá polo 1162

chamándose

Santa María

de Armenteira

Pouco despois inícianse as principais obras do mosteiro, entre elas a da igrexa. Dende 1989 ata a actualidade, está habitado polas monxas cirtencenses. Consérvase en perfecto estado a igrexa, a muralla exterior e outras dependencias, aínda que non medievais, como o claustro. Neste podemos atopar varios estilos: gótico, mudéjar, barroco, renacentista e románico.

Xeolocalización: 42° 27' 47.9" N - 8° 44' 29.9" W

Illa de Ons (Bueu)



Vecho (mestre 2º E.P.)

A Illa de Ons pertence ao municipio de Bueu e, está situada á entrada das ría de Pontevedra. É a principal illa do arquipélago das Ons, xunto coa illa de Onza e outros pequenos illotes. Este arquipélago, xunto cos das illas Cíes, Sálvora e Cortegada, forman o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia. Ten uns 5,6 km de lonxitude por 1,3 de anchura máxima e 414 ha (4,25Km²) de superficie.É posible visitala baixo a autorización da Xunta de Galicia.

Xeolocalización: 42°22'52"N 8°55'59"O

Cabo Home(Cangas do Morrazo)



Rebeca (mestra E.I.)

É a parte máis occidental da Península do Morrazo, na zona terrestre máis cercana ás Illas Cíes, pertencente ao Parque Nacional das Illas Atlánticas. Ten un gran valor natural e paisaxístico debido aos seus cabos e acantilados e a súa diversidade de flora e fauna. Dende Cabo Home comeza a rochosa costa chamada Costa da Vela ou Costa de Soavela. Nela atópase o Monte do Facho e nel o poboado castrexo.

Xeolocalización: 42° 15' 02.21" N - 8° 52' 21.76" O